



# Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 124 Venres, 27 de xuño de 2008 Páx. 12.646

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30 da Constitución. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo IV, do título I, regula a organización do bacharelato; o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e fixa as súas ensinanzas mínimas, determina que ás administracións educativas lles corresponde establecer o currículo de bacharelato e que os centros docentes desenvolverán e completarán este currículo, adaptándoo ás características do alumnado e á súa realidade educativa.

O Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, regula a estrutura do bacharelato, a organización das materias que integran estas ensinanzas, a súa avaliación e a promoción do alumnado, e autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento do disposto nel.

De conformidade co exposto e no uso das competencias que lle son atribuídas na disposición derradeira primeira do devandito decreto, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten como obxecto regular as normas que permitan o desenvolvemento do establecido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Esta orde será de aplicación en todos os centros que impartan estas ensinanzas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Acceso.

1. Poderá acceder ao bacharelato, en calquera das súas modalidades, o alumnado que estea en posesión das seguintes titulacións:
  - a) Título de graduado en educación secundaria obrigatoria
  - b) Título de técnico tras cursar un ciclo de formación profesional de grao medio.
  - c) Título de técnico deportivo tras cursar as ensinanzas deportivas de grao medio.

2. Poderá acceder ao bacharelato, na modalidade de artes, o alumnado que posúa a titulación de técnico en artes plásticas e deseño.

Artigo 3º.-Matrícula e materias.

1. O alumnado admitido nun centro para cursar as ensinanzas de bacharelato matricularase nunha das modalidades ofertadas.

2. O alumnado cursará as materias comúns, tres materias de modalidade e unha materia optativa en cada un dos dous cursos.

3. Cursarase a mesma primeira lingua estranxeira nos dous cursos do bacharelato.

4. Das seis materias de modalidade que o alumnado terá que cursar no bacharelato, polo menos cinco, serán das que corresponden á modalidade elixida.

5. Entre as materias de modalidade, o alumnado cursará obrigatoriamente, de acordo co que establece o artigo 7.6º do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, as materias seguintes:

a) Na modalidade de artes: cultura audiovisual en primeiro e técnicas de expresión gráfico-plástica en segundo, se optou pola vía de artes plásticas; cultura audiovisual en primeiro e historia da música e da danza en segundo, se optou pola vía de artes escénicas.

b) Na modalidade de ciencias e tecnoloxía: matemáticas I en primeiro e matemáticas II en segundo.

c) Na modalidade de humanidades e ciencias sociais: historia do mundo contemporáneo en primeiro e xeografía en segundo.

6. Nas materias de contidos progresivos: debuxo artístico I e II, debuxo técnico I e II, análise musical I e II, tecnoloxía industrial I e II, matemáticas I e II, grego I e II, latín I e II será preciso a superación da de primeiro curso para poder ser avaliada a de segundo.

7. Será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para ser avaliado nas materias seguintes: física, química e electrotecnia de segundo, precisarán de física e química de primeiro; bioloxía e ciencias da terra e ambientais de segundo, precisarán de bioloxía e xeoloxía de primeiro. Esta acreditación poderá realizarse cursando e aprobando a materia correspondente de primeiro ou a través do procedemento establecido para tal efecto polos departamentos didácticos correspondentes; procedemento que consistirá na superación dunha proba específica ou no desenvolvemento e superación de traballos que versarán sobre aqueles contidos incluídos nas correspondentes materias de primeiro e dos que parten as citadas materias de segundo.

8. O alumnado cursará unha optativa elixida, en cada un dos dous cursos, entre as materias seguintes: música, segunda lingua estranxeira e tecnoloxías da información e comunicación, de oferta obrigatoria; así mesmo tamén poderá elixir entre antropoloxía, ética e filosofía do dereito, filosofía da ciencia e da tecnoloxía, métodos estatísticos e numéricos e xeografía e historia de Galicia, e aqueloutros que determine a Consellería de Educación e ordenación Universitaria, se o centro as oferta, ou unha das materias de modalidade de entre as impartidas no centro ou aquelas doutra modalidade para as que conte con profesorado e recursos. Soamente a segunda lingua estranxeira poderá ser cursada en ambos os dous cursos. Con carácter xeral, a segunda lingua estranxeira constitúe unha continuación da impartida na etapa anterior, co fin de garantir unha competencia lingüística satisfactoria ao remate da etapa.

Artigo 4º.-Organización da oferta nos centros.

1. Os centros educativos, con carácter xeral, constituirán un só grupo co alumnado das materias comúns, aínda sendo de distintas modalidades, sempre que o número total non supere as trinta e tres persoas matriculadas.
2. Os centros poderán organizar desdobramentos dos grupos, nunha hora semanal, nas materias que precisen de prácticas de laboratorio (física e química, física, química, bioloxía e xeoloxía, bioloxía); uso de ferramentas que poidan implicar algún risco (tecnoloxía) ou práctica da expresión oral (linguas estranxeiras), sempre que os grupos superen os 20 estudantes e en función dos recursos dispoñibles.
3. As materias de modalidade contarán, con carácter xeral, cun mínimo de 5 estudantes para poder ser impartidas. A delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar un número menor cando se trate de materias vinculadas ás probas de acceso á universidade.
4. Cando un centro educativo non poida ofertar algunha materia de modalidade, facilitaralle ao alumnado que a curse noutro centro próximo, sempre que a organización dos horarios de ambos o permitan ou a través das ensinanzas de persoas adultas, en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia. En calquera caso contará coa autorización da nai/pai ou persoa que teña a tutoría legal, cando se trate de alumnado menor de idade
5. Para cursar unha primeira lingua estranxeira, que xa fose cursada na etapa anterior como primeira lingua, non será de aplicación o número mínimo exixido de cinco estudantes.
6. As materias optativas deberán contar cun número mínimo de 10 estudantes. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnos ou alumnas que, en ningún caso, será inferior a 5.
7. Toda variación no número de alumnado necesario para ofertar algunha materia terá sempre carácter extraordinario e precisará da autorización expresa da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
8. As ensinanzas das materias de electrotecnia e tecnoloxía industrial só poderán ser impartidas como optativas naqueles centros que teñan os recursos específicos para estas materias.

#### Artigo 5º.-Cambio de modalidade.

1. O alumnado, unha vez cursado o primeiro curso de bacharelato e antes do comezo das actividades lectivas do segundo, poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade en función das súas expectativas futuras ou aptitudes persoais.
2. O alumnado, unha vez autorizado para o cambio de modalidade, terá que matricularse de polo menos dúas materias da nova modalidade correspondentes ao primeiro curso e de todas as de segundo curso, de acordo co establecido no artigo 3º.4 desta orde. Computarase como optativa de segundo curso unha das materias de modalidade cursada e superada en primeiro.
3. Para cursar o segundo curso da nova modalidade, teranse en conta os requisitos establecidos nos artigos 3º.6 e 3º.7 referentes ás materias de contidos progresivos e aquelas que precisan de coñecementos previos.

#### Artigo 6º.-Materias impartidas en lingua galega.

1. Serán impartidas en lingua galega as materias seguintes:
  - a) Das materias comúns: ciencias para o mundo contemporáneo e filosofía e cidadanía en primeiro curso. historia de España e historia da filosofía en segundo curso.
  - b) Das materias de modalidade: na modalidade de artes, cultura audiovisual en primeiro curso, en calquera das dúas vías. Técnicas de expresión gráfico-plástica e historia da música e danza en segundo curso, correspondentes á vía de

artes plásticas e artes escénicas respectivamente. Na modalidade de ciencias e tecnoloxía, matemáticas I en primeiro curso e matemáticas II en segundo curso. Na modalidade de humanidades e ciencias sociais, historia do mundo contemporáneo en primeiro curso e xeografía en segundo curso.

2. Ademais das materias establecidas na epígrafe anterior, os centros educativos decidirán aquelas outras materias que serán impartidas en lingua galega para garantir que o alumnado reciba, polo menos, o 50% da docencia nesta lingua.

Artigo 7º.-Avaliación.

1. A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. Permitirá a adecuación, se fose preciso, de calquera dos elementos que constitúen o currículo.

2. Será diferenciada por materias. A decisión sobre a superación dos obxectivos previstos, por parte do alumnado, será competencia do profesor ou profesora de cada unha das materias.

3. As materias de contidos progresivos que se indican no artigo 3º.6 precisarán da superación da de primeiro curso para poder ser avaliada a de segundo.

4. Terá como referente fundamental os criterios de avaliación establecidos para cada unha das materias no currículo de bacharelato.

5. Os departamentos didácticos darán a coñecer no comezo do curso, ao seu alumnado, os obxectivos establecidos para cada materia e os criterios para a súa avaliación e cualificación.

6. Se no proceso de avaliación continua se advertise que unha alumna ou un alumno non progresa satisfactoriamente, o profesorado, tan pronto como detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará as medidas de reforzo dentro das acordadas polo centro e recollidas no seu proxecto educativo.

7. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro.

8. O equipo docente, constituído polo profesorado que imparte docencia no grupo, coordinado pola persoa titora, valorará a evolución de cada alumna e cada alumno no conxunto das materias, a súa madurez académica en relación cos obxectivos xerais do bacharelato.

9. Os departamentos didácticos organizarán o proceso de acreditación dos coñecementos previos das materias que así o precisen, segundo o establecido no artigo 3º.7 desta orde.

10. Haberá, cando menos, tres sesións de avaliación ao longo do curso, podendo coincidir a terceira sesión coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias.

11. A persoa titora do grupo consignará nas actas a nota da materia ou materias que, de ser o caso, o alumnado cursase noutro centro ou polo réxime de ensinanza de persoas adultas e cuxa cualificación será recibida a través da dirección do centro mediante copia da acta específica do centro onde foi cursada.

12. Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, considerando negativas as inferiores a cinco. Nas actas de avaliación da convocatoria da proba extraordinaria, se o alumnado non se presentase a ela, consignarase como non presentado.

13. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe do alumnado coma o proceso de ensinanza e a súa práctica docente.

Artigo 8º.-Documentos oficiais de avaliación.

1. Os documentos oficiais de avaliación do bacharelato son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e o informe persoal por traslado.
2. O historial académico de bacharelato e o informe persoal por traslado son os documentos básicos. Deberán recoller sempre a norma da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o currículo correspondente e, cando teña que producir efectos fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, aterase ao disposto no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao remate do período lectivo ordinario e logo da convocatoria das probas extraordinarias. Comprenderán a relación do alumnado que compón o grupo, xunto cos resultados da avaliación das materias. En segundo curso figurará o alumnado con materias non superadas no curso anterior e recollerán, así mesmo, a proposta de expedición do título de bacharel. Serán asinadas por todo o profesorado do grupo e levarán o visto e prace do director ou directora do centro. Os centros privados remitirán un exemplar das actas finais ordinarias e extraordinarias ao instituto de educación secundaria a que estean adscritos. Unha copia das actas finais será remitida ao Servizo Provincial de Inspección Educativa. A persoa responsable da secretaría do centro educativo velará polo arquivo e custodia dos documentos.
4. O expediente académico do alumnado incluírá os datos de identificación do centro e da alumna ou alumno, así como a información relativa ao proceso de avaliación. No expediente académico quedará constancia dos resultados da avaliación, das propostas de promoción e titulación e, se é o caso, das medidas de atención á diversidade adoptadas. A custodia e arquivo dos expedientes académicos correspóndelle á persoa responsable da secretaría do centro educativo.
5. O historial académico do bacharelato será estendido en impreso oficial e levará o visto e prace do director ou directora, e terá valor acreditativo dos estudos realizados. Recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as materias cursadas en cada un dos dous cursos e os resultados da avaliación, tanto da final ordinaria coma da extraordinaria, a nota media do bacharelato ao seu remate así como a información relativa aos cambios de centro. O arquivo e custodia corresponde á persoa responsable da secretaría do centro educativo. A inspección educativa supervisará o cumprimento e custodia dos historiais académicos.
6. O informe persoal por traslado é o documento en que se consignará a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado cando se traslade a outro centro sen ter rematado o curso e conterá, cando menos, os resultados das avaliacións parciais que se realizasen.
7. A obtención e tratamento dos datos persoais do alumnado, e en especial, os contidos nos documentos oficiais a que se refire esta orde, a súa cesión duns centros a outros e a adopción de medidas que garantan a seguridade e confidencialidade dos devanditos datos, someterase ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
8. Os documentos de avaliación axustaranse aos modelos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 9º.-Promoción.

1. Ao finalizar o primeiro curso e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumna e de cada alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Artigo 10º.-Permanencia dun ano máis nun mesmo curso.

1. O alumnado poderá permanecer cursando bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

2. O alumnado que non consiga a promoción ao segundo curso deberá permanecer un ano máis no primeiro, cursándoo de novo na súa totalidade se o número de materias avaliadas negativamente é superior a catro.

3. O alumnado que non consiga a promoción ao segundo curso e teña tres ou catro materias con avaliación negativa poderá optar por:

a) Repetir o curso na súa totalidade.

b) Cursar as materias de primeiro con avaliación negativa e completar con dúas ou tres materias de segundo curso que non coincidan no seu horario coas de primeiro que estean suspensas. Estas materias de segundo curso en ningún caso pertencerán a aquelas que teñan igual denominación, de aprendizaxes progresivas nin ás que requiran coñecementos de materias de primeiro non superadas.

4. A matrícula e avaliación destas materias de segundo curso terán carácter condicional, sendo necesario estar en condicións de promocionar nos termos establecidos na epígrafe 2 do artigo 9º desta orde para que poidan ser avaliadas.

5. O alumnado menor de idade que opte pola opción b) do punto 3 deberá contar coa autorización da súa nai/pai ou persoa que teña a tutoría legal.

6. O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgunha materia, poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

7. O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

Artigo 11º.-Anulación da matrícula.

1. O alumnado poderá solicitar a anulación de matrícula á dirección do centro educativo, antes do 30 de abril, cando circunstancias de enfermidade prolongada, incorporación a un posto de traballo ou obrigas de tipo familiar ou persoal impidan seguir, en situación normal, os estudos.

2. A solicitude, que estará acompañada das xustificacións pertinentes, será resolta nun prazo de 10 días pola dirección do centro. No caso dos centros privados, a competencia da dita anulación corresponderalle ao director ou directora do centro público a que estea adscrito.

Artigo 12º.-Titulación.

1. Obterá o título de bacharel o alumnado que curse satisfactoriamente o bacharelato en calquera das súas modalidades. Este título terá efectos académicos e laborais.
2. Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos desta etapa.
3. A nota media do bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
4. O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música e danza obterá o título de bacharel se supera as materias comúns do bacharelato.

#### Artigo 13º.-Orientación e tutoría.

1. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora de entre as que desempeñan docencia nel.
2. A persoa titora coordinará as sesións de avaliación, así como as relacións coas familias do alumnado do seu grupo.

#### Artigo 14º.-Autonomía dos centros.

1. A comisión de coordinación pedagóxica dos centros educativos elaborará as concrecións curriculares a través dos departamentos didácticos e de acordo cos criterios establecidos polo claustro, e serán incluídas no proxecto educativo. As ditas concrecións, ademais dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias, incluirán, cando menos, os elementos seguintes:

- a) Contribución, desde cada unha das materias, aos proxectos lingüístico, lector, de tecnoloxías da información e comunicación e ao plan de convivencia.
- b) Liñas metodolóxicas xerais desde as que se impulse o traballo ben feito, o esforzo, a autonomía persoal, o traballo cooperativo, elaboración de proxectos que sexan obxecto de exposición e debate entre o alumnado, unha formación en valores democráticos que prepare ao alumnado para a resolución pacífica de conflitos, o respecto pola diversidade, o rexeitamento da violencia de xénero e, en definitiva, que estea preparado para pertencer a unha cidadanía democrática.
- c) Liñas xerais de atención á diversidade. Organización das actividades de reforzo das materias, como obriga do profesorado.
- d) Criterios sobre a avaliación e promoción do alumnado. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.
- e) Completar o número de materias impartidas en lingua galega para dar cumprimento ao establecido no Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

2. Os equipos directivos dos centros propiciarán relacións co resto de institucións e asociacións do contorno que posibiliten a participación de toda a comunidade educativa.

#### Disposicións adicionais

##### Primeira.-Ensinanza de relixión.

1. O alumnado maior de idade ou os seus pais/nais ou titores legais mentres sexa menor decidirán sobre cursar ou non ensinanzas de relixión no momento de formalizar a súa matrícula. O alumnado que opte por non recibir ensinanzas de relixión permanecerá nos centros educativos.

2. O currículo da materia de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas con que o Estado español ten suscritos acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

3. A avaliación da materia de relixión católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras materias do bacharelato. A avaliación doutras confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de colaboración en materia educativa suscritos con elas polo Estado español.

Coa finalidade de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència, as cualificacións desta materia non computarán na obtención da nota media para os efectos de acceso á universidade, a ciclos superiores de formación profesional e a outros estudos nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo en que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.

Segunda.-Ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.

1. Os centros educativos poderán impartir algunha das materias do currículo de bacharelato nunha lingua estranxeira, dentro do programa de seccións bilingües. Esta decisión quedará expresada no proxecto lingüístico que forma parte do proxecto educativo de cada centro.

2. Os centros que impartan algunha materia en lingua estranxeira aplicarán en todo caso os criterios de admisión do alumnado establecidos de forma xeral, sen incluír criterios lingüísticos.

Terceira.-Asignación de materias de bacharelato ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos e de profesorado de ensinanza secundaria.

a) Ciencias para o mundo contemporáneo será impartida por profesorado das especialidades de bioloxía e xeoloxía e de física e química.

b) Anatomía aplicada será impartida por profesorado da especialidade de bioloxía e xeoloxía.

c) Deseño, técnicas de expresión gráfico-plástica e volume serán impartidas por profesorado da especialidade de debuxo.

d) Historia da arte será impartida por profesorado da especialidade de xeografía e historia.

e) Filosofía e cidadanía será impartida por profesorado da especialidade de filosofía.

f) Artes escénicas será impartida por profesorado da especialidade de lingua castelá e literatura e de lingua galega e literatura.

g) Análise musical I e II, historia da música e da danza e linguaxe e práctica musical serán impartidas por profesorado da especialidade de música.

h) antropoloxía será impartida por profesorado das especialidades de filosofía e xeografía e historia.

Terase en conta que:

-A materia de anatomía aplicada poderá ser atribuída ao profesorado que estea en posesión do título superior de danza.

-A materia de historia da arte poderá ser impartida polo profesorado do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario da especialidade de debuxo que estea en posesión dun título de licenciado en belas artes ou grao equivalente.

-A materia de artes escénicas poderá ser atribuída ao profesorado que estea en posesión do título superior de arte dramática.



-As materias de análise musical I e II e de linguaxe e práctica musical poderán ser atribuídas ao profesorado que estea en posesión do título superior de música.

-A materia de historia da música e da danza poderá ser atribuída ao profesorado que estea en posesión do título superior de música ou o título superior de danza.

Disposicións transitorias

Primeira.-Calendario de aplicación.

No curso 2008-2009 implantaranse as ensinanzas correspondentes ao primeiro curso do bacharelato. No curso 2009-2010 implantaranse as correspondentes ao segundo curso, de acordo co disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo. Durante o curso 2008-2009 o 2º curso de bacharelato rexerese polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 275/1994 (DOG do 15 de xullo de 2002), polo que se establece o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Validez do libro de cualificacións de bacharelato.

Os libros de cualificacións de bacharelato terán efectos de acreditación, segundo o establecido na lexislación vixente, ata a finalización do curso 2007-2008.

Ao finalizar o dito curso, pecharanse mediante dilixencia oportuna e inutilizaranse as páxinas restantes. A citada dilixencia, asinada pola secretaria ou secretario do centro e co visto e prace do director ou directora, consignarase nos seguintes termos: «Dilixencia para facer constar que este libro de escolaridade de bacharelato queda pechado de acordo co establecido na disposición transitoria segunda do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece o currículo do bacharelato para a Comunidade Autónoma de Galicia».

Cando a apertura do historial académico supoña a continuación do anterior libro de escolaridade, reflectirase naquel documento a serie e o número correspondente. Estas circunstancias figurarán igualmente no correspondente expediente académico.

Terceira.-Normas de aplicación para o alumnado que iniciou os seus estudos segundo o establecido no Decreto 231/2002, do 6 de xuño.

O alumnado que no ano académico 2008-2009 teña que repetir o primeiro curso de bacharelato cursará os seus estudos segundo o establecido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño.

Para o alumnado que no ano académico 2008-2009 inicie os estudos de segundo curso de bacharelato ou repita este curso, cunha ou dúas materias pendentes de primeiro, a avaliación das materias pendentes de primeiro curso axustarase aos currículos establecidos no Decreto 231/2002, do 6 de xuño.

No curso 2009-2010 as materias pendentes de primeiro curso adaptaranse aos currículos establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño.

O alumnado que no ano académico 2009-2010 teña que repetir o segundo curso de bacharelato cursará os seus estudos segundo o establecido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño.

O alumnado que no ano académico 2008-2009 ou anteriores cursara as ensinanzas de segundo curso de bacharelato de acordo co establecido no Decreto 231/2002, do 6 de xuño, e repita con tres ou menos materias, durante os anos 2009/2010 e 2010/2011, será avaliado destas segundo os currículos establecidos no citado decreto.

O alumnado que ao remate do curso 2010-2011 non teña finalizado o bacharelato, adaptará as súas ensinanzas á estrutura establecida no Decreto 126/2008, do 19 de xuño.

#### Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas as seguintes ordes:

- a) Orde do 1 de marzo de 1995 pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan o bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- b) Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así como aquelas disposicións de igual ou inferior rango en todos aqueles aspectos que se opoñan ao establecido nesta orde.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación

Universitaria



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia

[Oficina de Rexistro Único e Información](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#)